



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2024

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 25 de xaneiro de 2024, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe; presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asisten:

Don José Luis Pérez Añón (PP)
Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATA 30/11/2023 e 21/12/2023.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de datas 30/11/2023 e 21/12/2023, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 8 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do BNG (María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Quedan por tanto, aprobados os borradores do pleno de datas 30/11/2023 e 21/12/2023.

2. APROBACIÓN DA CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI 1/2024, RECOÑECIMENTO E PAGO DE FACTURAS. EXPTE. NÚM. 2024/X998/000012.

Dase conta da Proposta da Alcaldía adxunta á Convocatoria da sesión:

“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DO EXPEDIENTE OFI 1/2024 , RECOÑECEMENTO E PAGO DE FACTURAS. EXP. Nº: 2024/X998/000012

ANTECEDENTES:

Proposta de alcaldía de data 16/01/2024.

Solicitud de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 17/01/2024.

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 17/01/2024.

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 17/01/2024, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

De conformidade co Informe de intervención de data 17/01/2024, o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.

Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 17/01/2024.

Por outra banda, de acordo ao previsto no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.

Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Partida
F/2023/1901	18/12/2023	01 159	18/12/2023	24119,01	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. NOVIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD 2023/3/ DICOV
F/2023/1902	18/12/2023	01 160	18/12/2023	4191,00	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. NOVIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD
F/2024/73	11/01/2024	01 181	16/10/2023	20185,62	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DECEMBRO 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD
F/2024/74	11/01/2024	01 182	16/10/2023	3681,00	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. DECEMBRO 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar."

Sometido o asunto a debate, intervéñ Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS, manifestando o sentido contrario do seu voto.

A continuación intervéñ Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG, manifestando que o voto do BNG vai ser a favor por o interese de que a empresa cobre polos servizos prestados e sobre todo polas traballadoras do SAF que xa están nunhas condicións de por si, nada favorables, pero reiteran o seu malestar por que se sigan a aprobar os pagos destas facturas deste xeito.

Intervén Francisco Charlín Oróns, manifestando que están a traballar no expediente e que a idea e licitalo canto antes.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 7 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do BNG (2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)]

VOTOS EN CONTRA: 1 do Grupo Mixto Don (Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Polo que queda aprobado, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Partida
F/2023/1901	18/12/2023	01 159	18/12/2023	24119,01	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. NOVIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD 2023/3/ DICOV
F/2023/1902	18/12/2023	01 160	18/12/2023	4191,00	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. NOVIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD
F/2024/73	11/01/2024	01 181	16/10/2023	20185,62	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. DICIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD
F/2024/74	11/01/2024	01 182	16/10/2023	3681,00	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. DICIEMBRE 2023.	2024 231 22799 2023/3/ SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.”

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE, PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN DE EDIFICACIÓN EN CAMIÑO DA INSUA, NÚMS. 40-42, LAXE. EXPTE. NÚM. 2022/X999/000014.

Dase conta da Proposta da Alcaldía adxunta á Convocatoria da sesión:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Estudo de detalle camiño Insua 40-42 Laxe

Nº exp.: 2022/X999/000014

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Por iniciativa privada solicitouse aos efectos de completar ou adaptar as determinacións da ordenación pormenorizada, a aprobación do seguinte Estudo de detalle que afecta aos inmuebles coas seguintes referencias catastrais:

Identificación catastral

9560215MH9896S0001DB

9560218MH9896S0001JB

9560214MH9896S0001RB

9560206MH9896S0001TB

9560216MH9896S0001XB

9560219MH9896S0000WL

9560220MH9896S0000UL

15041A001001580000FG

O obxecto do estudo de detalle presentado á vista da súa memoria, é a ordenación de volumes edificables de dúas parcelas lindoiras incluídas no quintero m02 do PXOM, en cumprimento do artigo 79.b) da Lei 2/2016. Así coma as de establecer as novas condicións de implantación das novas edificacións a executar nos solares sitos no Camiño da Insua nº



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

40 e 42 do núcleo urbano de Laxe, e acadar as condicións mínimas para que os solares sexan edificables.

Ante a perspectiva da construción dunha vivenda na parcela catastral 9560215MH9896S0001DB e co fin evitar que a parcela 9560218MH9896S0001JB sexa NON EDIFICABLE e tamén deste xeito que a medianeira da edificación existente na parcela 9560216MH9896S0001XB quede vista na súa totalidade.

Propónse segundo a documentación presentada a construción de dous volumes continuos a edificación existente cubrindo un mínimo dun 60% da fachada tentando conseguir unha imaxe homoxénea do consunto e dando a condición de edificable a todas as parcelas, non creando espazos mortos dentro da trama urbana.

SEGUNDO. Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/ Núm.
Solicitud de particular	22/02/2022
Informe dos servizos técnicos municipais	18/11/2022
Informe de Secretaría	19/04/2023
Resolución de Alcaldía de aprobación inicial	01/06/2023
Anuncio no DOGA	15/11/2023
Certificado de secretaría	18/12/2023

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 79, 80 e 82 a 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

— Os artigos 192 a 194 e 199 a 215 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

— Os artigos 21.1.j), 22.2.c) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación definitiva polo Pleno de acordo co indicado e

PROPOÑO ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle descrito nos antecedentes.

SEGUNDO. Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do estudo de detalle no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

CUARTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do estudo de detalle, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente diligenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto."

Sometido o asunto a debate, intervén Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS, manifestando o sentido favorable do seu voto, aínda que lamenta o retraso na tramitación.

Intervén Francisco Charlín Oróns explicando que tiña que ser o propietario o que dera o paso para facer o estudo do detalle.

A continuación intervén Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG, manifestando que o BNG vaise abster debido a falta de tempo para o estudo en profundidade do expediente.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

VOTOS A FAVOR: 6 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle descrito nos antecedentes.

SEGUNDO. Publicar o Acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do estudo de detalle no *Boletín Oficial da Provincia*.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

CUARTO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do estudo de detalle, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente diligenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

ANO 2023

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
00978/2023	2023/ G003/001020	decreto concesión emerxencia social factura libros
00979/2023	2023/ G003/001021	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO RURAL
00980/2023	2023/ G003/001022	Contrato Menor: IMPLANTACIÓN DE UNHA PISTA DE PÁDEL E UN BIOPARQUE
00981/2023	2023/ G003/001011	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE NOVEMBRO DE 2023
00982/20	2023/	CAMBIO DE TITULARIDADE DAS TAXAS DE RSU E SUMIDOIROS DE SUPER



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

00983/20	23	G003/001017	MM S.L A CRISTINA DIAZ MENDEZ DUN LOCAL COMERCIAL
		2023/	CONTRATACIÓN DE OBRAS POR PROCEDEMENTO ABERTO
	23	G003/001023	SIMPLIFICADÍSIMO PARA A OBRA "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN
			COENS, LAXE". SUBVENCIONADO POLO POS+ AD1/2019
00984/20	2023/		ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE NOVEMBRO
	23	G003/001024	
00985/20	2023/		Aprobación da factura núm. 2399200560, de data 09/11/2023, da
	23	G003/001025	empresa Viaqua, SAU, do contrato menor para a "Melloras para
			minimizar perdas de auga nas instalacións de abastecemento",
			subvencionado polo Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local.
00986/20	2023/		EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 27/2023 POR
	23	G003/001026	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
00987/20	2023/		SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE
	23	G003/001027	RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA
			SITUADA NA R/ ATALAIA, NÚM. 6 - 2ªA, LAXE
00988/20	2023/		SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DAS TAXAS DE
	23	G003/001028	RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA
			R/ATALAIA, NÚM. 8 - 4ªA, LAXE
00989/20	2023/		RESOLUCIÓN APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E DE CUMPRIMENTO
	23	G003/001029	DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE
			MELLORA DA ACCESIBILIDADE, ACONDICIONAMENTO E DO
			EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DO SALÓN DE ACTOS CULTURAI E
			BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA GARCÍA (CONVOCATORIA
			APROBADA POLA ORDE DE 12 DE XANEIRO PUBLICADA NO DOG NÚM.
			24, do 03/02/2023 (CT211B)
00990/20	2023/		Contrato Menor: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA PAVILLÓN CAMPO
	23	G003/001030	DE FÚTBOL
00991/20	2023/		Convocatoria á Mesa de Contratación para dar conta informe técnico
	23	G003/001034	sobre B, valoración sobre B, apertura e valoración sobre C e, se
			procede, proposta adxudicación. Obra: Execución de redes de
			saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As
			Melgueiras e Cabanelas, na parroquia de Traba, do Concello de Laxe
00992/20	2023/		CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
	23	G003/001033	LOCAL DO 5 DE DECEMBRO DE 2023
00993/20	2023/		TRAMITACIÓN DECRETO CONXUNTO DE PADRÓN DE HABITANTES DESTE
	23	G003/001031	CONCELLO - NOVEMBRO 2023
00994/20	2023/		SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO 8º TRIENIO DE JULIO TORREIRA
	23	G003/001032	LÓPEZ
00995/20	2023/		"Contrato menor para o subministro de camisetas impresas para o
	23	G003/001035	Encontro da Sociedade Iberica de Micoloxia e para o Subministro dun
			ágape para 60 persoas
00996/20	2023/		Aprobación da certificación primeira da obra "Mellora de camiños rurais
	23	G003/001036	en Laxe e As Virtudes, no Concello de Laxe" do Plan de mellora de
			camiños rurais 2023-2024 e da factura núm. 2 232100 de Construcións
			Fermin Simal, SL
00997/20	2023/		Aprobación da conta xustificativa parcial (anualidade 2023) da obra de
	23	G003/001037	Mellora de camiños rurais en Laxe e As Virtudes, no Concello de Laxe.
			Subvencionada polo Plan de mellora de camiños rurais 2023-2023, da
			Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
00998/20	2023/		Solicitud Xeral a nome de FERNANDO PEREIRO RUBIANES. Solicita:
	23	G003/001042	Cambio titular recollida lixos e tratamento de basuras. Rúa Villa Amparo
			42 3dcha 15117 Laxe Anterior propietario Manuel Vázquez Toja
			dni32428960H nuevo titular- Fernando Per
00999/20	2023/		SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE DAS TAXAS DO SERVIZO DE
	23	G003/001040	RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

01000/20 23	2023/ G003/001038	UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VILLA AMPARO, NÚM. 55 - 1ºE, LAXE ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE PROXECCIÓN DE PELÍCULA O XOVES 7 DE DECEMBRO DO 2023 COMO ACTIVIDADE INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN DE NADAL
01001/20 23	2023/ G003/001039	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE CHOCOLATE CON CHURROS PARA O DÍA DO ACENDIDO DAS LUCES DE NADAL DO CONCELLO DE LAXE O VINDEIRO VENRES 8 DE DECEMBRO
01002/20 23	2023/ G003/001044	PADRONS FISCAIS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR(SAF) OUTUBRO DO EXERCICIO 2023
01003/20 23	2023/ G003/001043	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE OFICINA
01004/20 23	2023/ G003/001041	SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO DE ELSA VALIÑA PEREZ
01005/20 23	2023/ G003/001045	Reserva de instalacións: POLIDEPORTIVO POR MARÍA DEL CARMEN NANTÓN
01006/20 23	2023/ G003/001047	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/52
01007/20 23	2023/ G003/001048	solicitud de axuda no fogar por libre concurrencia de TERESA ALVAREZ BAJO
01008/20 23	2023/ G003/001046	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/50. REPARO
01009/20 23	2023/ G003/001049	RECHAZAR FACTURA DE XARDINERIA REJA S.L.
01010/20 23	2023/ G003/001050	APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓN BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE SETEMBRO DE 2023.
01011/20 23	2023/ G003/001051	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO RURAL, POR UNHA VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE APRAZADUIRO, NÚM. 8 - NANDE, LAXE
01012/20 23	2023/ G003/001052	Solicitud General a nombre de KERSTIN BARBRO VOËLKER. Solicita: QUE SE REALICE EL CAMBIO DE NOMBRE EN EL PADRON DE LIXO Y ALCANTARILLADO, INSCRIBIENDOSE A SU NOMBRE COMO PROPIETARIO- TITULAR DE LA REFERIDA VIVIENDA EN EL PADRÓN DE LIXO Y ALC
01013/20 23	2023/ G003/001053	Nomeamento funcionaria de carreira, Administrativo C1, vacante no Concello de Laxe, e incluída no oferta de emprego público de 2020
01014/20 23	2023/ G003/001054	RESOLUCIÓN DE ANULACIÓN DA AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DO GASTO A FAVOR DE MARTA HORTIZ E AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN A FAVOR DE RAQUEL QUEIZAS DENTRO DA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA 2023.
01015/20 23	2023/ G003/001055	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE NOVEMBRO DE 2023
01016/20 23	2023/ G003/001056	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/51. OFI Nº 13-23
01017/20 23	2023/ G003/001057	PAGAMENTO PREMIO DO IV CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: DILLO BEN BONITO. O AMOR PRÉMIASE EN LAXE A TANIA MARTÍNEZ VÁZQUEZ
01018/20 23	2023/ G003/001058	PAGAMENTO DE PREMIO DO IV CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: DILLO BEN BONITO. O AMOR PRÉMIASE EN LAXE A JOSÉ LUIS AGUIAR PAZ
01019/20 23	2023/ G003/001059	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/ 2023 . OFI Nº 14/2023
01020/20 23	2023/ G003/001060	decreto aprobacion facturas libros
01021/20 23	2023/ G003/001061	PADRONS DE CONTRIBUENTES DO ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACION, ACOMETIDA E CONTADORES, CANON DE AUGA E



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

		COEFICIENTE DE VERTIDO, ANO 2023
01022/20	2023/	DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR
23	G003/001063	DE SERVICIO PARA A INSERCIÓN DE PUBLICIDADE NAS EDICIÓNS
		ESPECIAIS DE 'LA VOZ DE GALICIA' E 'EL DIARIO DE BERGANTIÑOS'
		SOBRE A "PROGRAMACIÓN DE ACTOS NADAL" 2023 DO CONCELLO DE
		LAXE.
01023/20	2023/	APROBACIÓN DE BASES DO III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL DO
23	G003/001065	ANO 2023
01024/20	2023/	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA PARA A
23	G003/001066	CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023/2024
01025/20	2023/	CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A AMPLIACIÓN DA REDE DE
23	G003/001067	ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE BOAÑO - TRABA
01026/20	2023/	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 28/2023 POR
23	G003/001069	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DENTRO DA MESMA ÁREA DE GASTO
01027/20	2023/	PADRÓNS SAFA NOVEMBRO 2023
23	G003/001070	
01028/20	2023/	Convocatoria á Mesa de Contratación para dar conta informe baixa
23	G003/001071	temeraria e, se procede, proposta adxudicación. Obra: "Execución de
		redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle,
		As Melgueiras e Cabanelas, na parroquia de Traba, do Concello de Laxe"
01029/20	2023/	SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL DE CRISTINA OFELIA BUENAFILIA
23	G003/001068	(taxi)
01030/20	2023/	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA
23	G003/001073	CORPORACIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2023
01031/20	2023/	CONTRATO MENOR SERVIZO DE PODOLOXÍA A DOMICILIO
23	G003/001075	
01032/20	2023/	Liquidación de Tributos pola achega ao Punto Limpo do Concello de
23	G003/001076	Laxe. - 2023 Laxe. CORRESPONDENTE AO 4º T/2022, 1º T/2023, 2º
		T/2023 E 3ºT2023
01033/20	2023/	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE CONOS DE
23	G003/001072	LAMBETADAS VARIADAS PARA A VISITA DE PAPÁ NOEL O MARTES 19 DE
		DECEMBRO
01034/20	2023/	APROBACIÓN FACTURAS PRESTACIÓN SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE
23	G003/001074	AUGA 2023 (APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS Nº 53. OFI NÚMERO
		15/2023)
01035/20	2023/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/56
23	G003/001077	
01036/20	2023/	ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE
23	G003/001079	SERVIZOS SOCIAIS MES DE NOVEMBRO
01037/20	2023/	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
23	G003/001080	LOCAL DO 21 DE DECEMBRO DE 2023
01038/20	2023/	Designación de substituto do presidente da Mesa de Contratación. Obra:
23	G003/001081	Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños,
		Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, na parroquia de Traba, do
		Concello de Laxe.
01039/20	2023/	SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE TAXI NÚM. 4 DE JUAN
23	G003/001064	BAUTISTA PAZ TORRADO A FAVOR DE RAFAEL HERNÁN PAZ EGUREN
01040/20	2023/	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DE CANÓN
23	G003/001078	DE NEVE PARA A VISITA DE PAPÁ NOEL E DOS REIS MAGOS Ó CPI CABO
		DA AREA E ESCOLA DE TRABA O MARTES 19 E MÉRCORES 20 DE
		DECEMBRO DO 2023
01041/20	2023/	decreto aprobacion factura taller manualidade sobre violencia de
23	G003/001083	xénero
01042/20	2023/	decreto aprobación factura obra teatro travesía unicornio
23	G003/001084	



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

01043/20 23	2023/ G003/001085	SOLICITUDE DE ACOMETIDA Á REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE PARA UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE BOAÑO, NÚM. 47 B - TRABA, LAXE
01044/20 23	2023/ G003/001086	SOLICITUDE DE ACOMETIDA Á REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE PARA UNHA VIVENDA CONSTRUÍDA NO LUGAR DE CENTEAL, NÚM. 4 - SOESTO, LAXE, A NOME DE MARIA MIRA DURAN
01045/20 23	2023/ G003/001082	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSERCIÓN DE CUÑAS PUBLICITARIAS EN ONDA COMUNICACIÓN S.C. CON MOTIVO DA CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023-2024
01046/20 23	2023/ G003/001089	Reserva de instalaciones: ARACELI MÉNDEZ PEREIRA 23-12-2023
01047/20 23	2023/ G003/001093	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/57. REPARO Nº 26/2023
01048/20 23	2023/ G003/001091	Reserva de instalaciones: IVÁN PEREIRA TORRES 29-12-2023
01049/20 23	2023/ G003/001095	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE DOS RECIBOS DAS TAXAS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VILLA AMPARO, NÚM. 44 - 1ºESQ, LAXE
01050/20 23	2023/ G003/001088	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE 9 AGASALLOS PARA AS AGRUPACIÓNS QUE PARTICIPARÁN NO FESTIVAL DE PANXOLIÑAS E O III CERTAME DE ESCAPARATES DO NADAL 2023
01051/20 23	2023/ G003/001096	concesión emerxencia social factura alimentos
01052/20 23	2023/ G003/001098	DECRETO DE ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS AO OPERARIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS ALFREDO ANGEL LEMA AGRA
01053/20 23	2023/ G003/001099	Reserva de instalaciones: ANTONIO DEVESA BOUZAS 14/01/2024
01054/20 23	2023/ G003/001090	Reserva de instalaciones: BARBARA LEMA 28-12-2023
01055/20 23	2023/ G003/001094	Reserva de instalaciones: MARÍA ISABEL QUINTANA TEDÍN 13/01/2024
01056/20 23	2023/ G003/001092	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE CARTEIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023-2024
01057/20 23	2023/ G003/001101	ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS EFECTUADAS POR VÍCTOR MANUEL GARCÍA POSE (BIBLIOTECA MUNICIPAL) DURANTE O MES DE NOVEMBRO
01058/20 23	2023/ G003/001103	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO PARA GASTOS DE PERSOAL.
01059/20 23	2023/ G003/001097	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/59
01060/20 23	2023/ G003/001100	APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F/2023/ . OFI Nº 18-2023
01061/20 23	2023/ G003/001102	Adscripción provisional ao posto de xefe de negociado de secretaría, vacante na RPT municipal e dotado no orzamento municipal
01062/20 23	2023/ G003/001104	CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA SD LAXE 2023
01063/20 23	2023/ G003/001106	Reserva de instalaciones: CARMEN MARÍA SERRAPIO LEMA 27/12/2023
01064/20 23	2023/ G003/001108	Aprobación da certificación segunda e final da obra "Mellora de camiños rurais en Laxe e As Virtudes, no Concello de Laxe", do Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 e da factura núm. 2 232104 de Construcións Fermin Simal, SL
01065/20 23	2023/ G003/001107	Aprobación da certificación cuarta e final da obra de "Mellora do parque infantil da Praza dos Voluntarios, no Concello de Laxe", subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local, e da factura núm. F231880, de 28/11/2023



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

01066/20 23	2023/ G003/001109	APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE DECEMBRO E PAGA EXTRA 2023
01067/20 23	2023/ G003/001110	Solicitud de adhesión ao Programa PEL-CONCELLOS 2024: programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 2024), incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego Local, da Deputación da Coruña
01068/20 23	2023/ G003/001111	DECRETO HORAS EXTRAORDINARIAS PRESTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO POLO OPERARIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS FRANCISCO JAVIER CUNDINS POSE
01069/20 23	2023/ G003/001112	DECRETO HORAS EXTRAORDINARIAS PRESTADAS POLO OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, JOSÉ MANUEL SANTOS POSE NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO.
01070/20 23	2023/ G003/001113	APORTACION MUNICIPAL SEGUROS SOCIAIS MES DECEMBRO 2023
01071/20 23	2023/ G003/001114	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA REALIZAR CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN OS DÍAS 26, 27, 28 E 29 DECEMBRO E 2, 3 e 4 DE XANEIRO
01072/20 23	2023/ G003/001115	Adxudicación do contrato menor para a realización da obra de “Mellora de camiños rurais en Matío e As Virtudes” (Subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)
01073/20 23	2023/ G003/001116	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE ISIDRO PEREZ LEMA
01074/20 23	2023/ G003/001117	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL POR INCORPORACIÓN DE REMANENTES (ANULACIÓN EXPEDIENTES MC 2023/T002/000003 Y 2023/T002/000004).
01075/20 23	2023/ G003/001118	Adxudicación do contrato de obras de “Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba”, no Concello de Laxe
01076/20 23	2023/ G003/001119	Aprobación da factura núm. 3023.A 562, de data 18/12/2023, de INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, SL, do contrato menor para a realización do control externo de calidade da obra de Mellora de camiños rurais en Laxe e As Virtudes. Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 (subvencionado por AGADER).
01077/20 23	2023/ G003/001120	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2023-60
01078/20 23	2023/ G003/001121	APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2023-61 E F-2023-62. REPARO.
01079/20 23	2023/ G003/001122	Adxudicación contrato menor para a prestación de servizos de "Servizo de revisión anual de extintores nas dependencias municipais do Concello de Laxe"

ANO 2024

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
00001/2024	2024/G003/000002	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS DE DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN, COLOCACIÓN DE INCHABLES, ANIMACIÓN INFANTIL E OBRADOIROS INFANTÍS NA TARDE DO 5 DE XANEIRO DO 2024 - VÉSPERA DE REIS.
00002/2024	2024/G003/000003	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE 60 LITROS DE CHOCOLATE E 30 ROSCÓNS DE REIS PARA A FESTA INFANTIL DA TARDE DO 5 DE XANEIRO DO 2024 - VÉSPERA DE REIS.
00003/2024	2024/G003/000004	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DA SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO PARA A FESTA DO 5 DE XANEIRO DE 2024 - VÉSPERA DE REIS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

00004/2024	2024/G003/000005	CONTRATO MENOR PARA EL SUBMINISTRO DE 6 RUEDAS PARA EL CAMIÓN DE RECOGIDA DE BASURA
00005/2024	2024/G003/000001	Solicitud General a nombre de EMMA BLANCO PEREIRA. Solicita: Solicito cambio de titularidad de alcantarillado e lixo do inmueble situado en Rúa Valle Inclán N°5 1ºB
00006/2024	2024/G003/000006	PAGO A JUSTIFICAR A ALFREDO LEMA AGRA ITV VEHICULO 6749FPB
00007/2024	2024/G003/000007	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DUN LOCAL COMERCIAL SITUADO NA R/ ROSALÍA DE CASTRO, NÚM. 66 BAIXO, LAXE, CON EFECTOS DO 31/12/2023
00008/2024	2024/G003/000009	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO, POR UNHA VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE SOESTO DE ABAIXO, NÚM. 31 - SOESTO, LAXE
00009/2024	2024/G003/000008	RESULTADO DAS VOTACIÓNS E NOMEAMENTO DO LOCAL E/OU ESTABLECEMENTO GAÑADOR DO III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL DO ANO 2023
00010/2024	2024/G003/000010	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de altas, bajas y modificaciones padronales decembro 2023
00011/2024	2024/G003/000011	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE MANUEL GARCÍA LEMA
00012/2024	2024/G003/000012	LIQUIDACIÓN DE RETENCIÓNS IRPF Á AXENCIA TRIBUTARIA 4 TRIMESTRE 2023.
00013/2024	2024/G003/000013	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A PABLO MARTÍNEZ ROMERO , PARA DESPRAZARSE O 11 DE XANEIRO DE 2024 A TALLERES BERMÚDEZ CO CAMIÓN DE RECOLLIDA DO LIXO
00014/2024	2024/G003/000014	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE XANEIRO DE 2023
00015/2024	2024/G003/000015	PAGO A JUSTIFICAR A JOSE MANUEL SANTOS POSE. ITV VEHICULO E5546BBZ
00016/2024	2024/G003/000016	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR PARA A INSERCIÓN DE "PUBLICIDADE INSTITUCIONAL NA REVISTA "TURISMO CORUÑA" CO MOTIVO DO ESPECIAL PARA A FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO "FITUR 2024" QUE TERÁ LUGAR EN IFEMA - MADRID OS DÍAS 24-28 DE XANEIRO".
00017/2024	2024/G003/000017	Solicitud de AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA de SALVADOR GIL VARELA
00018/2024	2024/G003/000018	APROBACIÓN DE SANCIÓNS AUGAS DE GALICIA . PRAIA DOS BOLOS EN LAXE.
00019/2024	2024/G003/000019	Autorizar acceso ao expediente administrativo 2023/C003/000007 a Mantido, SL
00020/2024	2024/G003/000022	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA (CARPETAS E ETIQUETAS)
00021/2024	2024/G003/000023	Decreto solicitude de autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da Orde do 09/01/2023 (DOG Núm. 29, do 10 de febreiro de 2023)
00022/2024	2024/G003/000024	RECHAZAR FACTURA DE ALQUILERES REYNEMAR S.L. F/2023/1596
00023/2024	2024/G003/000029	APROBACIÓN DAS PERSOAS E COMERCIOS GAÑADORES DA CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023/2024
00024/2024	2024/G003/000030	ELABORACION E APROBACIÓN DE NÓMINAS DEL MES DE XANEIRO 2024. ANTICIPO NÓMINA A DONA TAMARA SALVADORES VILLANUEVA
00025/2024	2024/G003/000032	APROBACIÓN DOS PADRONS DAS TAXAS DE RSU, SUMIDOIROS E POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADAS DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS DE CALQUERA CLASE PARA O EXERCIZO DE 2024.
00026/2024	2024/G003/000031	LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) 4 TRIMESTRE 2023 E MODELO 390 2023.
00027/2024	2024/G003/000020	Aprobación do Plan de Xestión de Residuos e do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Mellora de camiños rurais en Matío e As Virtudes", actuación subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
00028/2024	2024/G003/000033	APROBACIÓN PRÓRROGA ORZAMENTO 2022 PARA 2024



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

00029/2024	2024/G003/000026	Reserva de instalaciones: CRISTINA VÁZQUEZ RIVERA
00030/2024	2024/G003/000027	Reserva de instalaciones: IVÁN PEREIRA TORRES
00031/2024	2024/G003/000028	Reserva de instalaciones: RAQUEL VÁZQUEZ
00032/2024	2024/G003/000034	aprobación padróns saf decembro 2023
00033/2024	2024/G003/000025	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 23 DE XANEIRO DE 2024
00034/2024	2024/G003/000035	APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓNS BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE OCTUBRO DE 2023.
00035/2024	2024/G003/000036	DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE PUBLICIDADE NO XORNAL 'DIARIO DE BERGANTIÑOS' CO GALLO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA FITUR 2024
00036/2024	2024/G003/000038	Concesión ampliación do prazo de execución da obra de "implantación dunha pista de pádel e dun bioparque"
00037/2024	2024/G003/000039	ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE SERVIZOS SOCIAIS MES DECEMBRO 2024
00038/2024	2024/G003/000040	APROBACIÓN BASES IV CERTAME DE ESCAPARATES ENTROIDEIROS E I CERTAME DE ESCAPARATES DE NAMORADEIROS

Non hai intervencións

5. DACIÓN CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO 3º E 4º TRIMESTRE 2023 E DE MOROSIDADE 4º TRIMESTRE DE 2023

Dase conta por Alcaldía do Informe do Periodo Medio de Pago a provedores do 3º trimestre do 2023, cun resultado de 27,99 días e do 4º trimestre de 2023 e informe de morosidade de 28,30 días. Datos comunicados por Intervención de conformidade co artigo 4.1 b) da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria, e de conformidade co establecido na D.T. Única do RD 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do PMP a provedores das Administracións públicas.

Non hai intervencións

6. Asuntos de urxencia

Non hai

7. Rogos e preguntas

Preguntas formuladas por Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).

---Pregunta si se fixo algunha xestión respecto do parque empresarial, xa que postos en contacto co xerente do Solo Empresarial do Atlántico non consta ningunha xestión.

Contesta Don Francisco Charlín Oróns manifestando que o puxeron, de xeito verbal, en coñecemento da consellería competente.

Don Fernando del Moral manifesta que é bo para o concello e que non hai que deixalo.

Preguntas formuladas por Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja, concelleiras do Grupo municipal do BNG.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

---¿Cal é o motivo de que tardaran tanto tempo en abrir o curso do río do Lago?

¿Son conscientes do deterioro causado na praia?

Contesta Don Francisco Charlín Oróns manifestando que se hai mareas vivas hai que abri-lo, pero senon o río flue e non hai motivo polo cal abrir.

---Por non vover falarlles outra vez do lamentable estado dos contenedores de Soesto imoslles falar do contenedor de Val de Regueira, sen tapa, atado cun alambre ao poste, vano cambiar?

Contestarase no próximo Pleno.

---¿Sería posible que se avise con anterioridade do uso da pirotecnía e o seu horario non eventos organizados polo concello, para que as familias que teñan persoas sensibles os ruídos podan decidir se asistir ou non, ou podan retirarse antes de que haxa os foguetes para evitar crises e problemas maiores?

A concelleira de cultura, Dona Raquel Lema Allo manifesta que se pode mellorar e nas próximas actividades poñerase un horario aproximado.

---¿Cando van traer a Pleno a aprobación inicial do PERI do Tanatorio?

Contestarase no próximo Pleno.

---Cando van a traer a Pleno a aprobación dos orzamentos municipais de 2024? Van convidar á oposición á súa elaboración?

Resposta Don Francisco Charlín Oróns manifestando que xa están traballando nel e se levará a Pleno o antes posible.

---Vaise participar na campaña de dinamización lingüística Aquitamensefala da Deputación? E se non, por qué?

Resposta Dona Raquel Lema Allo manifestando que non teñen coñecemento dela e que en todo caso, non ven inconveniente en participar.

Intervén Don Francisco Charlín Oróns, en relación coa petición dun local para UNIDAS PODEMOS, explicando que non hai mais que un local dispoñible, o que está a utilizar o BNG e que se debe repartir entre todos os grupos, do seguinte xeito:

Luns:	Unidas-Podemos
Martes:	PSdG-PSOE
Mércores:	BNG
Xoves:	PP
Venres:	libre para limpeza

Don Fernando del Moral manifesta que intentará conseguir un local exclusivo, porque a lei os ampara.

Intervén Isabel María Toja manifestando que sería conveniente organizar os espazos, xa que o seu grupo de goberno ten materiais, solicita tamén, de ser posible, un calefactor.

Don Francisco Charlín Oróns manifesta que no punto 2 da proposta relativa á convalidación da función interventora do Expte. OFI 1/2024, desta acta, hai un erro no importe da última factura, xa que consta 3681 € en lugar de 3861 €

Por último Don Francisco Charlín Oróns informa aos/ás concelleiros/as asistentes, que os



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

próximos plenos ordinarios do 28 de marzo e 25 de xullo coinciden en días festivos e polo tanto, os plenos ordinarios realizaranse os días 21 de marzo e 19 de xullo, no seu lugar.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 20:15 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente Acta que asina o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.